



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CEIP SAN TOMÉ
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
Teléfonos: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN TOMÉ
NIVEL: 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL
36015093
DATA:



ÍNDICE

- 1. Introducción-contextualización.**
- 2. Áreas e bloques de contidos.**
- 3. Competencias.**
- 4. Avaliación e cualificación.**
- 5. Adaptacións referidas á atención a diversidade.**
- 6. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 7. Información e publicidade.**



1. Introducción

Nun contexto social excepcional provocado pola pandemia do COVID-19, a realidade educativa sufriu un xiro repentino de escenario, medios e procedementos que tiveron que ser adaptados seguindo as pautas lexislativas correspondentes.

Todos os mestres que imparten neste nivel, ao que vai dirixido este documento, reuníronse telematicamente e decidiron de xeito conxunta o contido de todos os apartados que compoñen dito documento e que seguidamente se especifican.



2. ÁREAS E BLOQUES DE CONTIDOS

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

O CORPO E A PROPIA IMAXE

- Identificación das partes principais do seu propio corpo e das outras persoas.
- Representación do esquema corporal.
- Identificación dos sentidos e dos seus órganos como fonte de sensacións para o descubrimento.
- Recoñecemento das cores.
- Expresión e identificación nel mesmo e nas demais persoas de diferentes emocións.
- Resolución positiva de conflitos cotiáns.

XOGO E MOVEMENTO

- Gusto por participar en xogos que supoñen exercicio motor.
- Adquisición dunha boa motricidade fina.
- Aceptación das regras e quendas de xogo.

A ACTIVIDADE COTIÁ

- Participación activa nos xogos e tarefas.
- Aceptación e cumprimento das responsabilidades que se lle asignan.
- Interese ante as propostas de actividade.



O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE

- Identificación da necesidade dos hábitos de hixiene diario.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDAS

- Clasificación e agrupación de obxectos atendendo a un criterio.
- Realización de series sinxelas seguindo un criterio dado.
- Emprego de cuantificadores básicos: máis, menos ou igual.
- Asociación de algúns números coa cantidade que representa.
- Identificación de diferentes usos e funcións dos números.
- Uso de nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.
- Estimación de cantidades e medidas.

ACHEGAMENTO Á NATUREZA

- Relación de determinados animais co seu hábitat natural.
- Gusto por participar en proxectos e pequenas investigacións.
- Interese pola conservación e mantemento de ambientes limpos e non contaminados.



CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

- Coñecemento dos nomes dos membros da súa familia.

LINGUAXES COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

LINGUAXE VERBAL:ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Incorporación ao seu vocabulario de palabras novas.
- Interese e atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.

LINGUAXE VERBAL: APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA. ACHEGAMENTO Á LITERATURA

- Recoñecemento do seu propio nome.
- Recoñecemento do nome de algúns compañeiros/as.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- escoita activa de diferentes textos literarios.



LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA

- Exploración sensorial de distintas técnicas plásticas.
- Realización de obras plásticas empregando distintos materiais.

LINGUAXE ARTÍSTICA: MUSICAL

- Interese en actividades expresivas musicais.

LINGUAXE ARTÍSTICA: CORPORAL

- Interese en actividades expresivas corporais.

LINGUAXE AUDIOVISUAL E TIC

- Gusto polas actividades nas que se utilizan as tics.
- Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación na procura de información.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Interese por cancións, vídeos e contos na lingua estranxeira.
- Gusto pola realización das actividades propostas na lingua estranxeira.



3. COMPETENCIAS

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Utilización da linguaxe tanto como instrumento de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e emocións.

COMPETENCIA MATEMÁTICA

- Utilización e relación de números, operacións básicas, símbolos, razoamento matemático, aspectos cuantitativos e especiais da realidade e resolución de problemas da vida cotiá.

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

- Comprensión de sucesos, predición de consecuencias, coidado do medio natural e protección da saúde individual e colectiva.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

- Busca, obtención, selección, procesamento da información e transformación da mesma en coñecemento.



COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

- Relacionarse cos demais, cooperación, ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptación das diferenzas e respecto polos valores, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

- Coñecemento, comprensión, valoración e apreciación de diferentes manifestacións culturais e artísticas.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- Desenvolvemento de valores persoais como a autoestima, a seguridade nun mesmo, a demora da satisfacción e a capacidade para enfrontarse aos problemas.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Dispoñibilidade de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma.



4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	Técnicas	<ul style="list-style-type: none">● Observación de tarefas/vídeos/fotos enviadas● Revisión das tarefas● Investigacións● Entrevistas coas familias
	Instrumentos	<ul style="list-style-type: none">● Rexistro anecdótico● Valoración de realización prácticas● Táboas de indicadores
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none">● Toda a información recollida a través da avaliación continua ao longo do curso escolar.● Indicadores específicos do XADE.	



5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En 4º de Educación Infantil contamos con 3 nenos con necesidades educativas especiais: un alumno con trastorno do espectro autista (TEA), outro alumno con trastorno específico da linguaxe (TEA) e un alumno con hidrocefalia e macrocefalia.

Medidas adoptadas

- Creación dun curso propio na aula virtual para o alumnado que recibía apoio educativo por parte da especialista de Audición e linguaxe.
- Proposta de tarefas en ese curso acorde ás características dese alumnado.
- Sesións individuais en webex co alumnado de A.L. cada 15 días e cunha duración de 15 minutos.
- Seguimento por parte do Departamento de Orientación a través de chamadas/vídeo chamadas.



6. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Actividades	Repaso e reforzo	Lecto-escritura: <ul style="list-style-type: none">- Fonoloxía das letras.- Trazo de grafía de letras maiúsculas.- Nome propio e dos compañeiros/as.- Palabras relativas a días da semana e meses do ano.- Realizar distintos tipos de trazos en diferentes superficies (horizontais, verticais, diagonais..)- Desenvolver actividades que fomenten habilidades de motricidade fina.- Lateralidade.- Coordinación óculo-manual e atención.- escoita activa de contos.- Interpretar imaxes.
--------------------	-------------------------	--



		<p>Lóxica-matemática:</p> <ul style="list-style-type: none">- Lateralidade.- Orientación espacial, fomentando a interiorización de conceptos como: arriba, abaixo, a un lado, diante, detrás...- Serie numérica.- Correspondencia gráfica, cantidade e representación gráfica.- Identificar as figuras xeométricas básicas.- Establecer relacións de ordenación, correspondencia e clasificación.- Interiorizar nocións temporais.- Realizar series.- Traballar a estimación de cantidades a través de recitas.- Formular hipóteses.- Realiza experimentos.
		<p>Educación Artística:</p> <ul style="list-style-type: none">- Utilizar diferentes técnicas para a elaboración de obras creativas.- Participar activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.



	Ampliación	Lecto-escritura: <ul style="list-style-type: none">- Palabras significativas relativas ao proxecto.- Nomes dos integrantes da familia.
		Lóxico-matemática: <ul style="list-style-type: none">- Simetrías.- Números cardinais.- Utilizar cuantificadores básicos: máis que, menos que..- Asociar figuras xeométricas a formas e obxectos presentes no seu contorno.- Utilizar diferentes instrumentos de medición.
		Educación Artística: <ul style="list-style-type: none">- Papiroflexia.- Observar, interpretar e valorar diferentes tipos de obras plásticas.- Elaborar instrumentos musicais con materiais da vida cotiá presentes no contorno.
Metodoloxía (alumnado con	Con conectividade	<ul style="list-style-type: none">• Vídeos coa presentación do contido• Tarefas relacionadas co vídeo/texto.• Problemas de aplicación a situacións da



conectividade e sen conectividade)		vida cotiá.
	Sen conectividade	<ul style="list-style-type: none"> • Envío en papel das tarefas, adaptando a presentación do contido a ese formato.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Vídeos de produción propia • Vídeos externos (youtube, eduteca, happy learning...) • Presentacións de produción propia (genial.ly, pdf) • Videocontos • Audios de produción propia • Videoconferencias • Aula virtual / web do centro / blogs/correo electrónico/ abalar 	

En canto á intervención didáctica, o principio básico de esta programación é o de globalización, por ser a forma máis axeitada para que o alumnado logre interiorizar e construír aprendizaxes. Tales aprendizaxes partirán dos seus propios intereses e coñecementos previos, garantindo así a súa significatividade. Sempre teremos en conta o nivel educativo dos nenos/as, respectando os seus ritmos e características individuais. As actividades propostas terán un carácter lúdico e socializar, considerando o xogo a base fundamental de calquera aprendizaxe. As actividades estarán adaptadas ás circunstancias actuais, é dicir, o traballo dende a casa, sendo o noso papel como docentes de guías, orientadores e acompañantes en todo o proceso educativo.



7. INFORMACIÓN E PUBLICIDAD

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Empregaranse as vías de comunicación habituais neste tempo:</p> <ul style="list-style-type: none">• Comunicación xeral a través de abalarmóbil.<ul style="list-style-type: none">○ Información xeral da situación educativa.○ Comunicados de centro.○ Comunicados de aula.○ Salas de mensaxería para temas diversos.○ Mensaxes privadas a alumnado concreto.<ul style="list-style-type: none">▪ Informe das tarefas entregadas▪ Informe de non conexión (co obxectivo de detectar dificultades, non inquisidor)• Comunicación na aula virtual.<ul style="list-style-type: none">○ Plan de tarefas.○ Vídeos explicativos.○ Convocatoria de videoconferencias.○ Propostas voluntarias (vídeos, actividades).• Webex: Sesións e AL• Correos electrónicos e blog de aula: https://3ainfantilsantome.blogspot.com/
<p>Publicidade</p>	<ul style="list-style-type: none">• Publicación obrigatoria na páxina web do centro.• Abalarmóbil de centro para as familias con enlace ao documento.